

ANUNCIO

Convocatoria do proceso selectivo para a contratación laboral temporal de dous peóns para o departamento de obras e servizos básicos do Concello de Ames subvencionada a través do Programa de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos Concellos da provincia (PEL CONCELLOS 2023).

Por Acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 20 de abril de 2023, resolveuse a aprobación das bases dun proceso selectivo contratación laboral temporal de dous peóns para o departamento de obras e servizos básicos do Concello de Ames subvencionada a través do Programa de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos Concellos da provincia (PEL CONCELLOS 2023), e que se transcriben a continuación:

BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DOUS PEÓNS PARA O DEPARTAMENTO DE OBRAS E SERVIZOS BÁSICOS DO CONCELLO DE AMES.

1. Obxecto.

As presentes bases teñen como obxecto regular un procedemento para a selección e contratación laboral temporal na modalidade de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral de dous peóns de obras públicas para o Departamento de Obras e Servizos básicos do Concello Ames subvencionada a través do Programa de axudas a la contratación de persoal para la execución de obras y servizos municipais nos Concellos da provincia (PEL CONCELLOS 2023).

2. Características dos postos.

Área de Adscrición: Concellaría de Obras e Servizos básicos.

Denominación: Peón de Obras públicas.

Grupo de clasificación profesional: artigo 22.1 do Estatuto dos Traballadores e primeira modificación puntual do convenio colectivo do persoal laboral do Concello de Ames, BOP núm. 196, de 17 de outubro de 2016): C3 (agrupacións profesionais).

Nivel: 13

Total salario: 1.385,46 euros brutos/mensuais sen incluír o prorrateo das pagas extraordinarias

Titulación: Certificado de escolaridade ou titulación superior, carné de conducir B.

Contido funcional: Auxiliar e apoiar as actuacións dos/das oficiais, executar obras de mantemento e obras públicas municipais en xeral e que requiran unha mínima capacitación profesional e calquera outra correspondente a súa categoría e propia do departamento no que se integra.

Xeira de traballo: Completa.

3. Requisitos dos aspirantes.

Para poder tomar parte na presente convocatoria, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Estar inscritos/as no S.P.E.G., como desempregados/as no momento da selección e na formalización do contrato.
- b) Atoparse nalgunha das seguintes situacións:
 - a. Mulleres.

- b. Maiores de 45 anos.
 - c. Persoas desempregadas de longa duración. Aos efectos do cumprimento deste requisito ,terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo dun ano inscritos como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego.
 - d. Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual o superior ao 33%. A acreditación da discapacidade será comprobada polos concellos no proceso de selección das persoas a contratar.
 - e. Persoas en situación de drogodependencia.
 - f. Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.
 - g. Persoas con fogar monoparental.
 - h. Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
 - i. Persoas vítimas de violencia de xénero.
 - j. Persoas sen fogar.
- c) Titulación: estar en posesión ou en condición de obter, antes do remate do prazo de presentación das solicitudes, o certificado de escolaridade ou equivalente.(Acreditarase mediante a presentación da orixinal ou copia compulsada da titulación).

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, de ser o caso, a homologación do título. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de dereito da Unión Europea.

- d) Estar en posesión do carné de conducir B.
- e) Estar en posesión do nivel de CELGA 1 ou equivalente ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación das solicitudes.

A acreditación do coñecemento de lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación, con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007, e Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveles de coñecemento de lingua galega.

En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da Lei do Emprego Público de Galicia, as persoas aspirantes que non acrediten o coñecemento da lingua galega requirida nestas bases, ou non estean en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación das solicitudes, deberán realizar unha proba específica de coñecemento de lingua galega que cualificará á persoa aspirante como apta ou non apta.

- f) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ó posto de traballo ó que se opte. Acreditarase, por parte dos/as traballadores/as que sexan finalmente seleccionados/as antes da súa incorporación laboral, mediante informe médico oficial no que se faga constar que o/a aspirante reúne as condicións físicas suficientes para a realización das tarefas, ademais de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións propias do posto.

Co arranxo no disposto no artigo 54 da LEPG, os/as participantes coa condición legal de persoa con discapacidade, poderán solicitar as adaptacións de tempo e medios que sexan necesarios para a realización das probas, facéndoo constar na solicitude, xunto coas necesidades específicas alegadas para desenvolver o proceso de selección. A estes efectos, e

segundo ao disposto no apartado b da disposición adicional primeira da LEPG, considerase persoa con discapacidade aquela á que se lle teña recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento (ou situación análoga segundo a normativa vixente ao efecto).

- g) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado por sentenza firme para o exercicio das funcións públicas.
- h) Non estar incurso/a nos supostos de incompatibilidades previstas na lexislación vixente.

4. Forma e prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes para tomar parte no proceso selectivo presentaranse, conforme ao modelo que figura no ANEXO I das presentes bases, no rexistro xeral do Concello de Ames ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de **5 días naturais**, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da respectiva convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

De conformidade co disposto nas anteditas bases, os/as candidatos/as deberán ser persoas demandantes non ocupadas e estar en algunha das situacións que se consideran susceptibles de situar as persoas en risco de exclusión e que constan detalladas na base 3ª, polo que estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo temporal.

No caso de que se remita a documentación por correo postal ou mediante presentación no rexistro doutra Administración que careza de Sistema de Intercambio de Rexistros (SIR) deberá facelo constar mediante a remisión por correo electrónico ao Concello de Ames (persoal@concellodeames.gal) da instancia presentada conforme ao modelo do Anexo II das presentes bases, onde conste o selo coa data de presentación e copia de documentación achegada xunto a mesma. Dito correo electrónico e os documentos sinalados deberán ser recibidos antes da finalización do prazo para presentación de instancias, só neste caso se entenderá que a instancia tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello na data que foron presentados no rexistro doutra Administración ou enviados por correo postal.

Xunto coa solicitude (Anexo I) os/as aspirantes presentarán a seguinte documentación:

- a) DNI, pasaporte ou documento de identificación acreditativo da nacionalidade.
- b) Documento de alta e renovación de demanda de emprego (DARDE).
- c) Informe de vida laboral actualizado.
- d) Documento acreditativo de estar en posesión ou en condicións de obtelo, na data que remate o prazo de presentación de solicitudes, o título requirido con arranxo ao sinalado no apartado c da base terceira.
- e) Carné de conducir B.
- f) Certificado de estar en posesión ou en condicións de obtelo, do título do Celga 1, ou equivalente, se é o caso.
- g) Os/as aspirantes que precisen adaptación de tempo e/ou medios deberán presentar certificado acreditativo do grao de discapacidade así como escrito no que se especifique o tipo de adaptación que se solicita acompañado de certificado médico xustificativo da adaptación solicitada.



- h) Declaración xurada de reunir os requisitos esixidos nos apartados f e g da base terceira da presente convocatoria (Anexo II).
- i) Documentación acreditativa para a fase de concurso, se é o caso.
- j) Documentación acreditativa do cumprimento dalgún dos requisitos relacionados no punto b da base terceira, orixinal ou copia compulsada, que se realizará conforme se indica a continuación:

Situación ou situacións de exclusión laboral	Documentos acreditativos
Mulleres e persoas maiores de 45 anos	Fotocopia DNI.
Persoas desempregadas de longa duración (persoas que leven 1 ano inscritas como demandantes de emprego)	Informe de vida laboral actualizado da Tesourería Xeral da Seguridade Social.
Persoas con discapacidade.	Certificado acreditativo da discapacidade igual ou superior ao 33%, expedido polo administración competente vixente na data de publicación da convocatoria.
Persoas en situación de drogodependencia, con problemas para encontrar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais, persoas con fogar no que ningún dos seus membros teña emprego, fogar monoparental/monomarental ou persoas sen fogar, vítimas de violencia de xénero.	Informe da traballadora social do municipio, que o expedirá á petición do candidato/a interesado/a.

Presumirase que a documentación é auténtica, e unicamente será requirida a presentación da documentación orixinal aos aspirantes que finalmente sexan seleccionados. No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso. Non serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de instancias nin aqueles documentos que non conteñan os datos que segundo as presentes bases sexan necesarios para valorar os méritos a que se refiren.

5. Admisión de aspirantes.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución aprobando a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as indicando as causas de exclusión. A referida resolución será publicada no BOP, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e na súa páxina web concedendo, no seu caso, un prazo de **2 días naturais** para a subsanación das deficiencias sinaladas.

Finalizado o prazo, o Alcalde ditará resolución polo que se aprobe a lista definitiva de admitidos/as, que en caso de non ter defectos que subsanar a lista provisional, será considerada a tódolos efectos definitiva. En dita resolución se sinalará tamén tribunal cualificador e o día, hora e lugar na que se citará ao mesmo para a súa primeira sesión (constitutiva) así como para o inicio da primeira proba do proceso selectivo.

6. Tribunal cualificador.

O órgano de selección será un tribunal formado por 5 membros titulares e os seus suplentes, e comporase dun/unha presidente/a, tres vogais e un/unha secretario/a.

A composición do tribunal adecuarase aos criterios de imparcialidade e profesionalidade, así como aos restantes requisitos previstos nos artigos 60 do TREBEP e o 50 da LEPLG. A súa

relación nominativa será fixada xunto coa resolución de aprobación da listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as.

Os/as membros e asesores/as do tribunal absteranse de intervir, e o comunicarán á autoridade convocante, cando concorran as causas previstas no artigo 23 da lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos/as membros e asesores/as do tribunal segundo o disposto no artigo 24 da citada lei. De darse a abstención ou recusación dalgunha persoa das que forman o tribunal designarase o/a substituto/a.

O órgano de selección poderá dispoñer a incorporación, nos supostos que así o estime oportuno e aos efectos de asistencia e colaboración, de asesores/as. Estes asesores/as terán voz pero non voto e limitaranse á orientación nas especialidades técnicas ou profesionais para cuxo asesoramento foron requiridos.

O tribunal non se poderá constituír nin poderá actuar sen a presenza de ao menos 3 dos seus membros, requiríndose en todo caso a asistencia do/a presidente/a e o/ secretario/a. As resolucións adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes.

En todo o non previsto nas presentes base, o procedemento de actuación do tribunal axustarase ao establecido na normativa aplicable á formación da vontade dos órganos colexiados do sector público.

7. Sistema selectivo

A selección se realizará mediante o sistema de concurso- oposición.

A data, hora e lugar de celebración do primeiro exercicio publicarase xunto coa listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as e polos mesmos medios.

Os sucesivos anuncios sobre a realización dos seguintes exercicios e aqueloutros que se poidan derivar do desenvolvemento do proceso selectivo, efectuaranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello así como na web municipal.

Os/as aspirantes serán convocados/as para a realización das probas en chamamento único, excluíndose aos que non comparezan agás casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas discrecionalmente polo tribunal. Deberán ser identificados/as mediante DNI ou documento equivalente.

A orde de actuación dos/das aspirantes iniciarase pola persoa cuxo primeiro apelido comece pola letra escollida no sorteo realizado pola Dirección Xeral de Función Pública para determinar a orde de actuación de aspirantes nos procesos selectivos da Xunta de Galicia, desbotando as preposicións dos apelidos compostos (letra “V” – DOG nº 18 26/01/2023).

Fase de oposición: Puntuación máxima 10 puntos.

Primeiro exercicio: De carácter obrigatorio para todos os/as aspirantes, excepto aqueles que teñan acreditado o CELGA 1 de galego, os/as cales estarán exentos de realizar o exercicio.

Consistirá nunha proba oral establecida polo tribunal que se cualificará como apto/a ou non apto/a.

A cualificación na proba como non apto/a supón a exclusión por parte do/a candidato/a do procedemento de selección.

Segundo exercicio: De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Resolución por escrito, nun máximo de 60 minutos, dun cuestionario de 20 preguntas tipo test, con tres respostas alternativas relacionado co contido funcional dos postos e co temario que se reflicte no anexo III desta bases e que será determinado polo Tribunal inmediatamente antes da realización do mesmo. Cada pregunta valorarase en 0,5 puntos debendo obter unha puntuación mínima de 5 puntos para superalo.

Os aspirantes que non obteñan a puntuación mínima establecida na fase de oposición (5 puntos), quedarán eliminados do proceso selectivo, e polo tanto, non serán valorados na fase de concurso.

Fase de Concurso: Puntuación máxima: ata 2 puntos.

Nesta fase valorarase como mérito ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados e financiados polas Administracións Públicas, o que se xustificará mediante a presentación do título acreditativo de ter rematado con éxito o programa.

Para a valoración da fase de concurso é requisito indispensable presentarse á fase de oposición. Concederase 1 punto por cada programa xustificando ata un máximo de 2 puntos.

A cualificación final será o resultado da suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e na fase de oposición. No caso de empate nas puntuacións totais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida na fase de oposición. De persistir o empate, celebrarase por parte do tribunal un sorteo público que se anunciará coa suficiente antelación.

7. Proposta do Tribunal

Tras a fase de oposición, o Tribunal fará pública a puntuación obtida polos/as candidatos/as mediante anuncio na sede electrónica e na páxina web do Concello de Ames.

Finalizado o proceso selectivo o Tribunal fará pública a puntuación total dos/as candidatos/as propoñendo a contratación dos aspirantes que houberan obtido maior puntuación e proporán a creación dunha bolsa de traballo para posibles substitucións do persoal titular e que terá a mesma vixencia que a obra ou servizo obxecto deste proceso selectivo.

8. Contratación.

A Alcaldía-Presidencia resolverá a contratación dos/as aspirantes propostos/as polo Tribunal e a creación da bolsa de traballo para posibles substitucións do persoal titular.

9. Incidencias.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso en todo o non previsto nas bases.

10. Publicidade do proceso selectivo.

De conformidade con disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 as sucesivas publicacións relacionadas co presente proceso selectivo realizaranse a través do taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Ames.



ANEXO I.- MODELO DE SOLICITUDE:

D/D^a con DNI nº domicilio a efecto de notificacións en teléfono de contacto, solicita tomar parte no proceso de selección para a contratación laboral temporal de dous peóns de obras, convocado polo Concello de Ames, declarando que reúne os requisitos sinalados na base terceira da presente convocatoria, que declara coñecer.

Apórtase a tal efecto a seguinte documentación (marcar cunha X):

___ Copia do DNI, pasaporte ou documento de identificación equivalente e acreditativo da miña identidade e nacionalidade.

___ Informe de vida laboral actualizado.

___ Documento de alta e renovación de demanda de emprego DARDE.

___ Documento acreditativo de estar en posesión, ou en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes, do título de.....

___ Documento acreditativo de estar en posesión, ou en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes, do CELGA 1 (ou equivalentes)

___ Como aspirante con discapacidade legalmente recoñecida achego certificación/documentación acreditativa de dita condición.

___ Declaración xurada de reunir os requisitos esixidos nos apartados f e g da base terceira da presente convocatoria (anexo II).

___ Documentación acreditativa da fase de concurso.

___ Informe da traballadora social do concello.

Elección da lingua de realización dos exercicios:

Galego

Castelán

Ames, a de de 2023.

Asdo:

ANEXO II. DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/D^a....., con DNI nº domicilio a efecto de notificacións en teléfono de contacto, aos efectos participar no procedemento de selección para dar cobertura, mediante contrato laboral temporal, de dous peóns de obras de acordo coas bases da convocatoria, declara baixo xuramento:

1. - Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ao posto de traballo ao que se opta.

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
20/04/2023 0FD2C378C7B20429B85CEEED0905C886F2BBDE1

POSTO DE TRABAJO:
Alcaide
Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2062537D72375E440BE

NOME:
GARCÍA PIÑEIRO, JOSE BLAS



2. - Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio das funcións públicas.

3. - Non estar incurso/a nos supostos de incompatibilidades previstas na lexislación vixente, E para que así conste, asino a presente en

Ames, a de de 2023.

Asdo:

ANEXO III. TEMARIO

1. Materiais utilizados na construción. Ferramentas básicas, equipos e maquinaria de construción
2. Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais. Nocións básicas
3. Rueiro e trazado urbano do termo municipal de Ames .
4. Técnicas básicas de albanelería

Ames, 20 de abril do 2023

O alcalde

José Blas García Piñeiro

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
20/04/2023 0FD2C378C7B204298B5CEE00905C886F2BBDE1

POSTO DE TRABALLO:
Alcalde
Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2062537D72375E440BE

NOME:
GARCÍA PIÑEIRO, JOSE BLAS

